

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CAMPAMENTO DE NADAL 2024. **EXPEDIENTE:** 2024/S012/000004

ANTECEDENTES:

Pola Concelleira de Cultura, Benestar, Igualdade e Muller presentouse proposta ante a Alcaldía para levar a cabo a actividade de conciliación Campamento de Nadal 2024 que consta no expediente.

Así mesmo preséntase as Bases que regularán a organización e desenvolvemento do mesmo.

Considerando a necesidade de facilitar a conciliación das familias para este período non lectivo

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Convocar a actividade Campamento de Nadal 2024 para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, que se desenvolverá no Pavillón Municipal, dende o 23 de decembro a 3 de xaneiro de 2024 (ámbolos dous incluídos), de luns a venres de 10:00 a 13:00, agás os festivos.

SEGUNDO: O Campamento contará cun máximo de 22 prazas, 2 delas para menores con NEEs. Para a súa organización e funcionamento ante a ausencia de norma específica que o regula, aplicarase por analogía o Regulamento e Ordenanza Fiscal do Servizo Corcubión Concilia (BOP Nº 134/2020 do 20/08 e BOP Nº 116/2020 do 27/07 respectivamente)

TERCEIRO: Poderán presentar solicitude de praza as familias censadas en Corcubión con fillas/os escolarizadas/os entre 2º Ciclo de Educación Infantil e Primaria, así como aquelas familias que sen estar censadas en Corcubión, as súas/seus fillas/os, forman parte do alumnado do CEIP Praia de Quenxe.

CUARTO: Abrir un período de presentación de solicitude de praza, dende o 9 ao 18 de decembro de 2024. Durante o dito período, as persoas interesadas deberán presentar a instancia tipificada que para dito fin se facilitará nas oficinas municipais, no taboleiro da Sede Electrónica e na Web Municipal, xunto cos anexos e outra documentación que na mesma se indica.

QUINTO: Os criterios de prioridade para a adxudicación das prazas serán os establecidos no antedito Regulamento do Servizo Corcubión Concilia.

SEXTO: Unha vez adxudicadas as prazas seguindo a orde indicada no apartado anterior, e só no caso de darse empate entre elas por haber máis solicitudes que prazas, adxudicaranse as mesmas de maior a menor puntuación, segundo o seguinte baremo:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
UNIDADES FAMILIARES NAS QUE O HORARIO LABORAL DA E DO PROXENITOR SEXA COINCIDENTE E SEN VACACIÓNS NO PERÍODO DO CAMPAMENTO	2
FAMILIAS MONOMARENTAIS/MONOPARENTAIS	2
MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	2

UNIDADES FAMILIARES NAS QUE SE DAN SITUACIÓNS RELACIONADAS COS COIDADOS NO ENTORNO	2
OUTROS CRITERIOS	PUNTUACIÓN
USO RESPONSABLE DO SERVIZO	1
TOTAL PUNTOS	9 PUNTOS

- Entenderase por unidade familiar aquel composto polo menor para o que se solicita praza, polas persoas proxenitoras/ titoras ou acolledoras e polos seus irmáns e irmás, que se acreditará cun certificado colectivo de empadramento (as persoas censadas en Corcubión están exentas de presentar o dito documento).
- A situación relacionada cos coidados no entorno, acreditarase co informe dos SSCM.
- A situación de vulnerabilidade acreditarase con informe dos SSCM.
- A situación laboral acreditarase coa vida laboral e/ou de ser o caso, certificado acreditativo emitido pola empresa onde se certifique que ámbolos dous cónxuxes, teñen horario laboral coincidente e sen permisos por vacacións durante o período do Campamento.
- Entenderase por uso responsable do Servizo, o aproveitamento da praza concedida ou no caso de producirse ausencias, que estas estiveran debidamente xustificadas. Terase en conta para esta valoración, a participación no Tempo de Lecer 2024 e só se aplicará ante un empate entre persoas solicitantes participantes nesa convocatoria.

De continuar o empate, adxudicarase por sorteo.

SÉTIMO: As Normas de Funcionamento, Organización e adxudicación de prazas serán as recollidas no Regulamento e nas presentes bases.

OITAVO: Dar publicidade para xeral coñecemento, dar traslado aos departamentos afectados e ao Pleno da Corporación.

Acorda e asina dixitalmente o Alcalde Francisco Javier Domínguez Traba en Corcubión, na data que consta á marxe, do que, eu Irene Suárez López, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 do 16 de marzo).